

Hola Carles:

Tras escoitar as declaracións do xornalista deportivo José Ramón de la Morena, no programa EL LARGUERO das mañás da SER, venme á cabeza a pregunta que algún xornalista me facía respecto da existencia de MUDEGA: “pero ti cres que realmente, e recalcaba o realmente, é necesario crear esta asociación?”.

A resposta está onde un queira mirar, pero sobre todo estivo esta mañá nas ondas, concretamente nas que emite a cadea SER.

Así, directamente, sen sutilezas nen ambaxes, José Ramón de la Morena acaba de expresar a dura realidade: o papel que atribúe á muller no deporte, concretamente no deporte do fútbol, é o de preocuparse porque **“Y TU MUJER, QUE AHORA LOS LLEVAS AL COLE Y QUE NO TE GUSTA EL FUTBOL, Y AGUANTAS PACIENTE ESTAS NOCHES DE ALBOROTO AL REDACTOR DE LA TELE, ESTAS TEMIENDO LO DE MAÑANA, PORQUE TE PONDRÁN EL CUARTO DE ESTAR PERDIDO DE VASOS Y BOTES DE COCA-COLA”**.

Ás mulleres: “non lles gusta o fútbol, son as encargadas de levar ós nenos ó colexio, recollen o que lles deixan “perdido” os homes cando ven un partido; sofren en silencio os cambios de humor producidos nas súas parellas e fillos (masculinos por suposto) polo resultado dos partidos” e un sin fin de topicazos que eliminan a existencia do feminino máis que para cumprir estas tarefas domésticas.

Por moito que a sociedade española mudara, que haxa equipos femininos de case todas as modalidades deportivas, incluído o fútbol, que haxa un bo número de socias nos clubs de fútbol, xornalistas deportivas, seleccións femininas de fútbol e un número crecente de expectadoras, en casa ou nos estadios, interesadas no devir deste deporte, JR, reputado xornalista deportivo transmítenos dende as ondas cal é o papel da muller neste deporte: ningún alén do de servizo doméstico multitarea.

Casualmente hoxe mesmo leo un artigo de Soledad Puértolas no MAGAZINE que fai referencia ás diferencias que, na súa nenez, observaba entre as dedicacións e actitudes de homes e mulleres no tempo de lecer.

Tamén ela fala de cómo a horrorizaba o mundo que, ó parecer, lle esperaba como muller e da envexa que lle daba o mundo masculino, ligado ó fútbol, á liberdade de olvidar familias e traballo, exaltarse, berrar e vitorear... mentras compartían o poderoso vínculo que supoñía ser espectadores deste deporte. Se se ten en conta que da infancia de Soledad Puértolas xa van cincuenta anos ou máis, desculpas pero o dato é público, confírmase a miña tese de que a sociedade avanza, tamén no mundo do deporte, pero algúns néganse teimudamente a reflexar esta realidade.

É posible que sexa so unha visión personalísima, pero dado que quen a emite é un comunicador que chega a un enorme número de ointes, debería de esixirse un maior coidado na elección da mensaxe, un maior respecto polo rol das mulleres nesta sociedade do século XXI e unha meirande fidelidade á realidade do deporte, que xa non é a dos anos de infancia de Soledad Puértolas, aínda que JR e outros intenten convencernos de que nada mudou.

As mulleres hai anos que chegamos ó mundo do deporte para quedarnos e para ser parte activa desta excitante actividade que ocupa boa parte do noso ocio e nos proporciona, igual que ós homes, tantas alegrías e penas, ademais da posibilidade de asociarnos, defender ata a irracionalidade as cores do noso equipo e exaltarnos sen que o mundo se derrube.

A ver se toman nota os dinosaurios do deporte e esta carta lles serve de motivo de reflexión para a mellora da súa labor informativa.